

San Xoán^{POIO} 2023

Concurso de Carteis

BASES

BASES DO CONCURSO DE CARTEIS SAN XOÁN 2023

1. PERSOAS PARTICIPANTES

- Neste concurso poderán participar rapaces e rapazas empadroados/as e/ou escolarizados/as en Poio, de xeito individual ou en grupo.
- cada participante poderá presentar unha soa obra.
- todas as obras deberán ser orixinais, inéditas e non premiadas nin publicadas.

2. CARACTERÍSTICAS DO CARTEL

- Tamaño do papel: DIN A3, en formato dixital adaptable (JPG ou TYF).
- Idioma: o texto deberá estar escrito en galego.
- Deberá incluír necesariamente os seguintes textos:
 - FESTAS SAN XOÁN • POIO
 - XUÑO 2023

3. CATEGORÍAS DO CONCURSO

- Categoría A: de 5 a 8 anos*.
- Categoría B: de 9 a 11 anos*.
- Categoría C: de 12 a 13 anos*.
- Categoría D: de 14 a 17 anos*.

** Idade cumprida entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do 2023.

4. LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE TRABALLOS

- Os traballos entregaranse grampados/pegados a un sobre (SOBRE A) que conterá os datos de contacto da persoa participante (nome, idade, enderezo e teléfono; ademais de curso e centro, de ser o caso).

No exterior do SOBRE A deberá constar SÓ a idade e a categoría, segundo o recollido no punto 3 destas bases.

- As obras poderanse presentar en calquera dos centros de ensino do concello de Poio e na Casa Consistorial (Praza do Mosteiro, 1).

- A data límite de presentación das obras será o día 10 de maio do 2023.

5. PREMIOS

Agasallo conmemorativo e vales para canxear nas librarías de Poio, por valor de: *CATEGORÍA A: 80€

*CATEGORÍA B: 100€

*CATEGORÍA C: 120€

*CATEGORÍA D: 140€

6. XURADO

- Estará composto polo Concelleiro de Festexos, un representante de cada unha das opcións políticas presentes na corporación municipal e por persoal técnico do Servizo de Cultura.
- Este xurado reunirase o día 11 de maio de 2023 para fallar este concurso.
- De cada categoría escollerase un cartel gañador. Dos catro carteis resultantes, escollerase o cartel que será utilizado para a promoción da Festa.

7. ENTREGA DE PREMIOS

A Concellaría de Festexos comunicará a data e hora da entrega de premios ás persoas gañadoras coa antelación suficiente.

8. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

* Os premios non serán acumulables.

* Os premios estarán sometidos á normativa fiscal que proceda aplicar.

* As obras gañadoras pasarán a ser propiedade do Concello de Poio, polo que o/a autor/a cederá exclusiva e irrevogablemente o dereito de impresión ou reprodución, total ou parcialmente, en calquera modalidade. Igualmente, cederá a utilización da obra para a súa promoción publicitaria, polo que poderán realizarse as correspondentes modificacións ou transformacións para a súa adaptación a soportes, técnicas ou tamaños necesarios.

* Os traballos premiados deberán recollerse no prazo de 30 días naturais posteriores a data de entrega de premios. Os que non se recollan neste prazo pasarán a ser propiedade do Concello de Poio.

* O xurado do concurso terá competencias para resolver as dúbidas ou calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

* A participación neste concurso supón a aceptación de todas e cada unha das súas bases.



CONCELLO
DE POIO
Concellaría de Festexos